

PROGRAMA DA XORNADA

A xornada de inicio do proxecto pretende divulgar entre o público e partes interesadas as actividades e filosofía do proxecto co fin de captar destinatarios interesados en participar nas actividades do proxecto e en formar grupos de traballo na loita da prevención de incendios.

PROGRAMA

10:30

Benvida e presentación do proxecto

11:00

Evolución dos incendios en Galicia

12:00

Medidas preventivas dos incendios forestais

13:00

Ferramentas de prevención de incendios e protección da biodiversidade

14:00

Mesa Redonda

14:30

Comida

As intervencións estarán dirixidas por enxeñeiros expertos na xestión do monte.

DESTINATARIOS

Xornada informativa dirixida ao público en xeral, especialmente a:

ASOCIACIÓNS DE PROPIETARIOS FORESTAIS
COMUNIDADES DE MONTES EN MAN COMÚN
ADMINISTRACIÓN LOCAL
ASOCIACIÓNS DE AXENTES CONTRA INCENDIOS
ASOCIACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS
TÉCNICOS E ENXEÑEIROS
PROPIETARIOS FORESTAIS
ASOCIACIÓNS DE CAZA, DEPORTIVAS, ETC.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

LUGAR;

Salón de Actos do Edificio Sindical
Praza de Galicia s/n
Chantada (LUGO)

DATA: Xoves, 12 de xaneiro de 2012

HORA: 10:30 H.

AFORO LIMITADO.

INSCRIBETE NO: 981 530 500

OU BEN NO CORREO administracion@asefoga.org

MÁIS INFORMACIÓN: <http://onosomonte.mediorural.xunta.es>

ASEFOGA

Rúa Doutor Maceira, nº 13 baixo


981 530 500

SANTIAGO DE COMPOSTELA
administracion@asefoga.org



XORNADA INFORMATIVA
CHANTADA, 12 DE XANEIRO DE 2012

COA CONTRIBUCIÓN DO INSTRUMENTO FINANCIERO LIFE+ DA COMUNIDADE EUROPEA



OS INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA

Os incendios forestais son un dos principais factores que hoxe contribúen á perda da biodiversidade na UE, á destrución da capa orgánica do solo, a desertización a longo prazo e ás emisións de partículas e gases á atmósfera (como o CO₂).

Con respecto á situación de Galicia, a nosa comunidade é xunto con Portugal, a rexión da UE que máis sofre dos incendios forestais, tendo en conta a superficie total ocupada polo bosque.

En números absolutos, Galicia rexistrou case 145.000 incendios forestais durante o período 1991-2004 que afecta a unha superficie de 340.000 ha.

Diversas investigacións e o posterior uso da terra queimada, demostran que a inmensa maioría dos incendios forestais proveñen de actividades humanas, xa sexa por un uso negligente do lume ou por unha intención deliberada de queimar o monte. Estímase que só o 4% dos incendios forestais que se producen en España se deben a causas naturais, polo que todos os demais teñen unha orixe humana.

En consecuencia, máis do 90% dos incendios forestais son evitables.

O PROXECTO LIFE+ O MONTE VIVO

A Dirección Xeral de Montes da Xunta de Galicia executa o proxecto LIFE+ O MONTE VIVO co fin de aliñarse coas tendencias da lexislación europea e nacional e coas políticas baseadas no entendemento de que as novas estratexias e enfoques son necesarias para facer fronte ao desafío dos incendios forestais.

Con este proxecto, a Dirección Xeral de Montes, ASEFOGA e SILVANUS esperan abordar as causas profundas dos incendios forestais, contribuíndo a elevar a conciencia dos beneficios múltiples dos bosques, sensibilizar aos cidadáns sobre a importancia dos bosques en Europa e explicar os efectos negativos, é dicir, a gran perda de biodiversidade que causan os incendios forestais.

Este proxecto contribuirá ademais a poñer en práctica o Plan de Acción Forestal da UE, centrándose nos principais grupos de poboación que teñen unha relación directa e frecuente cos bosques (como as persoas das zonas rurais dedicadas ás actividades agrícolas e gandeiras e propietarios de terras forestais) e que teñen un gran potencial de actuar como multiplicadores da información recibida (por exemplo, os alumnos de primaria e secundaria).

OBXECTIVOS

O obxectivo principal deste proxecto é reducir a frecuencia dos incendios forestais en Galicia e a súa concentración en determinados períodos e zonas. En máis dun 90% dos casos, os incendios son provocados polo home, xa sexa dun modo intencionado ou como consecuencia dun comportamento negligente.

Polo tanto, as actividades do proxecto centraranse en:

- Fomentar a corresponsabilidade dos cidadáns na protección dos bosques.
- Reducir o número de incendios forestais causados polos seres humanos.
- Capacitar aos axentes forestais da rexión.
 - Contribuír á protección da biodiversidade.
- Aumentar a conciencia sobre o uso sustentable dos bosques.

Para acadar os obxectivos, realizaranse campañas dirixidas ao público xeral, a propietarios forestais e a poboación do medio rural, campañas en colexios, xornadas informativas e cursos de formación en prevención de incendios dirixidas a axentes forestais.